O Dicionario da Real Academia Galega (DRAG), unha ferramenta electrónica en continua evolución

Manuel González González
manuel.gonzalez.gonzalez@usc.es
Real Academia Galega
Universidade de Santiago de Compostela, España

Abstract: *The* "Dicionario da Real Academia Galega" *is an online dictionary published in 2012, though subject to a permanent updating process. This paper aims at highlighting the impact of new technologies in both the initial configuration and progressive upgrading of every single feature of this lexicographic tool. For instance, they were used for the creation of the corpus on which it is based, as well as for the dictionary drafting, reviewing and updating. Besides, new technologies are essential for accessing the dictionary through the Web and mobile apps, ensuring efficient information retrieval and allowing interaction with users, whose feedback undoubtedly contributes to the improvement of this tool.*

Keywords: *DRAG, dictionary, lexicography, Galician language, Real Academia Galega.*

0. Presentación

A edición do Dicionario da Real Academia Galega do ano 1997 supuxo un avance cualitativo importante dentro da lexicografía da lingua galega, sobre todo no aspecto da técnica lexicográfica ata daquela tida pouco en conta nos dicionarios galegos. A edición dixital do DRAG do 2012 preséntase de novo como unha obra innovadora, pero non tanto desde o punto de vista da técnica lexicográfica como por saber aproveitar as posibilidades que a aplicación da informática ofrece tanto na elaboración e actualización do dicionario coma na explotación dos seus datos por parte dos usuarios. E é este aspecto o que vou tratar nesta breve achega.

1. Valor engadido da edición dixital

Deixando á parte os dicionarios especializados, os que temos xa certa idade adoitamos identificar o dicionario cun volume ou un conxunto de volumes en

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)

papel, con información sobre o significado dunha serie de voces (dicionarios de lingua) ou sobre a correspondencia de voces que posúen un determinado significado entre dúas ou máis linguas (dicionarios bilingües ou multilingües). Xeralmente trátase de obras voluminosas, cunha estrutura moi ríxida, nas que a información se atopa organizada seguindo uns criterios establecidos, e nas que proliferan as abreviaturas para aforrar todo o espazo que sexa posible.

Afortunadamente, as novas xeracións xa perderon en boa medida a asociación da idea de dicionario co papel e coa condensación extrema da información. Digo afortunadamente, porque a edición electrónica de calquera dicionario supón sempre un valor engadido sobre a edición en papel, que favorece tanto a organización e claridade da información fornecida como o acceso a esa información por parte dos potenciais usuarios.

Podemos afirmar sen temor que a edición dixital, trátese dunha edición en liña, na nube, que permite a consulta ubicua, sempre que se dispoña dunha conexión a Internet, ou trátese dunha edición noutro soporte, como o DVD, CD-ROM, ou USB, hoxe non ten ningún inconveniente con respecto ao papel, e si moitas vantaxes. A informática irrompeu na lexicografía para revolucionala e para quedar.

2. A informática, auxiliar fundamental no proceso de realización do dicionario

2.1. A informática e o corpus

Hoxe non se concibe a realización dun dicionario sen un corpus que o forneza de datos obxectivos que aconsellen a incorporación ou non dunha voz, que determinen as súas acepcións e que avalen os seus usos. Sen a informática non sería pensable que o DRAG puidese utilizar por exemplo os datos do *Corpus de referencia do galego actual* ou do *Tesouro informatizado da lingua galega* ou do *Atlas Lingüístico Galego*, por poñer só tres exemplos de obras absolutamente imprescindibles. Nin a propia constitución deses córpora, nin a ordenación dos seus datos nin o manexo e acceso a eles serían posibles sen o auxilio da informática.

2.2. A informática na microestrutura do dicionario

Pero a informática tamén resulta imprescindible para unha sistematización moito máis eficiente da información que se ofrece na microestrutura do artigo lexicográfico.

Desde o punto de vista meramente formal, garante que nas listas de etiquetas de tipo gramatical, de tipo sociolectal, diatópico ou que marcan a tipoloxía dunha determinada acepción, se siga sempre a mesma denominación, grazas á utilización de cadros combo nos que o redactor da entrada ten que escoller necesariamente unha das etiquetas alí contidas. Evidentemente, esta uniformización fai necesario un traballo previo de clasificación e sistematización de todas as posibilidades que se poidan dar. Desde o punto de vista da presentación formal, garante tamén que cada parte do artigo lexicográfico teña sempre a tipografía desexada, sen erros que é fácil cometer cando se realiza dunha maneira manual.

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)

Facilita mesmo unha certa sistematización na redacción das definicións de palabras que pertenzan a un mesmo grupo semántico: por exemplo, o tratamento dos nomes das cores, ou das denominacións das árbores froiteiras.

Dado que o DRAG está concibido como un dicionario autosuficiente, no que non se utiliza nas definicións ningunha palabra que non figure como entrada no propio dicionario, a informática permítenos establecer unha alerta para cando o redactor emprega algunha voz non incorporada como lema.

Permite a agrupación dos exemplos extraídos do corpus por acepcións e seleccionar directamente do corpus os máis acaídos, aínda que posteriormente o redactor teña a potestade de modificalos para simplificalos ou facelos máis claros e comprensibles para o usuario.

Garante que non se produzan pistas perdidas nas remisións ou nos sinónimos, antónimos e voces con acepcións semanticamente próximas.

En fin, a informática permítenos dotar o dicionario dunha consistencia e unha sistematicidade sólida tanto na súa microestrutura como na súa macroestrutura.

3. Difusión

A publicación en liña do DRAG permite o acceso universal á información que contén, ben a través de Internet ou ben utilizando unha aplicación para dispositivos móbiles.

Ao dicionario da RAG pódese acceder entrando na páxina web da Academia no enderezo www.academia.gal/dicionario, ou ben por medio do *Portal das palabras*, páxina web xestionada pola RAG e pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, no enderezo www.portaldaspalabras.gal

Neste momento están dispoñibles dúas aplicacións para dispositivos móbiles e tabletas, unha para Android e outra para iOS, que calquera usuario pode descargar de maneira totalmente gratuíta.



BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)

4. Facilidade de uso

O Dicionario da RAG pode ser instalado polo usuario na súa propia web, de xeito que poida consultar de maneira cómoda e rápida o significado dunha palabra ou calquera outra dúbida sobre o léxico, mentres está a traballar.

Para iso é suficiente con copiar na propia páxina o seguinte texto:

<Iframe scrolling="no" frameborder="0" src="http://academia.gal/dicionario_rag/miniSearch2.do"/></iframe >

que instalará nunha pestana a seguinte liña de enlace:

http://academia.gal/dicionario/#OMeuDicionario.do

Premendo este enlace abrirase a páxina do dicionario.

5. Flexibilidade e eficiencia

Os usuarios achéganse a un dicionario con intereses moi diversos e buscan, polo tanto, en función deses intereses, unha información distinta. Nos dicionarios clásicos, un usuario podía buscar facilmente as acepcións que tiña unha palabra, ou os réximes que tiña un verbo determinado, pero resultáballe realmente difícil poder acceder a outro tipo de información contida no seu interior, posto que en moitos casos esixiría unha lectura total da obra. Non lle sería doado, por exemplo, coñecer cantos substantivos femininos acabados en *-o* están recollidos no dicionario, ou sería extraordinariamente laborioso extraer os nomes de árbores acabados en *-eira*.

Por iso, unha das cousas que máis agradece o usuario cando se achega a unha obra lexicográfica é a flexibilidade e eficiencia na busca da información que lle interesa en cada momento. E neste aspecto o DRAG é unha obra realmente eficiente, que permite diversos tipos de busca:


a) A busca *simple*, que é a que utiliza a maioría dos usuarios, facilita o acceso ao lema dun artigo lexicográfico. É útil cando o usuario non coñece o significado dunha voz, algunha das súas características gramaticais, ou ver un exemplo dos seus usos.

b) Pero para o lingüísta ou o investigador en xeral pode resultar de interese a busca *avanzada*.

A busca avanzada contén dous grupos de variables, un referido á busca nos lemas e o outro referido á busca no interior do artigo lexicográfico. No primeiro grupo as tres opcións que se ofrecen son: *comeza por, remata por* e *contén*. As variables do segundo grupo permiten buscar palabras ou cadeas de caracteres nas acepcións ou nos exemplos, e posibilitan así mesmo a selección de acepcións por marcas tecnolectais. Pódense cruzar os criterios das distintas variables tanto dun grupo coma do outro:

Se, por exemplo, realizamos unha busca de voces que comecen por *en-* e que rematen en *-cer*, porque estamos interesados en coñecer as construcións parasintéticas deste tipo, devolveranos o seguinte:


BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)



e premendo en cada unha das palabras podemos acceder ao contido do artigo lexicográfico.


Se busco palabras que acaben en *-eir?* e que conteñan na súa definición a voz "rutáceas", devolveranos os artigos das plantas da familia das rutáceas que teñen unha denominación co sufixo *-eiro* ou *-eira*:

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)



Se quero recuperar as voces da medicina que indican inflamación dun órgano, que conteñan o sufixo *-ite*, non teño máis ca seleccionar: finaliza por: "-ite", contén na definición: "inflamación" e pertence ao tecnolecto: "medicina". O resultado da busca devolveranos 79 rexistros:

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)



Ao facermos unha busca, os resultados aparecen na pantalla sempre por orde alfabética a dúas columnas, de xeito que o primeiro e segundo aparecen na primeira liña, o terceiro e o cuarto na segunda etc. Ao ir baixando coa barra de desprazamento, o navegador vai cargando máis termos da devolución.

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)

Aínda existe a posibilidade da busca de sinónimos e palabras próximas semanticamente. Se na opción de busca *sinónimos* introduzo, por ex., a palabra "chuviñar", o resultado será:

chuviñar
Sinónimos:
baballar, babuñar, babuxar, barbañar, barbuñar, barbuzar, barrallar, barrazar, barrufar, barruñar, barruzar, brecar, chuviscar, froallar, lapiñar, marmallar, marmañar, orballar, patiñar, poallar, zarzallar.

Termos relacionados:
babear, babexar, baduar, esbardallar, laretar, latricar, babarse, babuñar, barbañar, abracar, aturrar, berrar, berregar, bradar, bramar, bruar, burdear, esborrecar, muar, muiñar, marmallar, faiscar, rosar, cercellar, zarcear.

6. Incorporación de elementos multimedia e multifuncionais

A aplicación do DRAG leva asociadas dúas aplicadelas de interese: a primeira delas permite a reprodución oral da palabra, coa pronunciación máis recomendable. Nalgúns casos, cando se trata de voces que presentan dúas ou máis realizacións dialectais moi estendidas, ofrécense estas. Tal ocorre, por exemplo, nos casos, coma "dente", onde na Galicia oriental se pronuncia con [ɛ] aberto e na Galicia occidental con [e] pechado, ou en casos coma "ollo", que no oriente mantén o [ɔ] aberto, pero que no occidente é realizado con [o] pechado. Esta aplicadela coa reprodución oral dos lemas está realizada a partir do *Dicionario da pronuncia da lingua galega* (Regueira 2010).

Outra aplicadela contén un conxugador verbal, que permite a conxugación completa de calquera verbo. Este conxugador verbal é un módulo simplificado do *Dicionario de verbos Laverca* (González et al. 2002), que foi o primeiro dicionario de verbos galegos, que permite non só a conxugación total ou parcial de calquera verbo galego, senón tamén a súa reprodución con voz sintetizada. O módulo de síntese de voz de Laverca, así como outras partes deste programa informático, non foron incorporados ao DRAG, porque suporía unha carga computacional demasiado pesada.


Se, por exemplo, buscamos a entrada "argüír", o programa devolveranos o seguinte:

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)



Pois, ben, se pulsamos en "Reproducir" (), poderemos escoitar a realización fonética da palabra "argüír" tantas veces como queiramos. E se pulsamos en "Conxugar" aparecerá unha fiestra nova con toda a conxugación deste verbo:

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)



Conxugación do verbo: argüír

Pechar

Indicativo		Subxuntivo	Imperativo
Presente	P.Pluscuamperfecto	Presente	
argúo	argüíra	argúa	-
argúes	argüíras	argúas	argúe
argúe	argüíra	argúa	-
argüímos	argüíramos	arguamos	-
argüídes	argüírades	arguades	argüíde
argúen	argüíran	argúan	-
Pretérito imperfecto	Futuro	Pretérito imperfecto	Infinitivo Conx.
argüía	argüirei	argüíse	argüír
argüías	argüirás	argüíses	argüíres
argüía	argüirá	argüíse	argüír
argüíamos	argüiremos	argüísemos	argüírmos
argüíades	argüiredes	argüísedes	argüírdes
argüían	argüirán	argüísen	argüíren
Pretérito Perfecto	Condicional	Futuro	Xerundio
argüín	argüiría	argüír	argüíndo
argüíches	argüirías	argüíres	Participio
argüíu	argüiría	argüír	argüído
argüímos	argüiriamos	argüírmos	argüída
argüístes	argüiriades	argüírdes	argüídos
argüíron	argüirían	argüíren	argüídas

7. Facilidade en canto á actualización

Unha das grandes vantaxes dun dicionario en liña é que permite a súa actualización continuada cun custo económico asumible, sen necesidade de esperar a que se esgoten as existencias dunha edición anterior, como adoita ocorrer nos dicionarios en soporte papel. Por iso se produce practicamente cada mes unha actualización do dicionario, coa incorporación dos acordos tomados no Seminario de Lexicografía e ratificados polo Plenario da RAG.

Unha parte importante do traballo de revisión e actualización do dicionario por parte dos membros do seminario de lexicografía da RAG é realizada telematicamente. A través dunha ferramenta de revisión do DRAG á que só teñen acceso os membros deste Seminario no enderezo http://www.academia.gal/group/revisiondrag/revision cada mes os académicos pertencentes a este seminario teñen un período para incorporar as súas emendas ao DRAG, seguido dun período de discusión de cada unha destas emendas tamén por vía telemática, e concluído cunha votación. Cando unha emenda conta con dous ou máis votos en contra, esta é rexeitada provisionalmente, e pasa a ser discutida na reunión mensual presencial dos membros do Seminario.

8. Facilita o diálogo cos usuarios

Para calquera dicionario é importante ter unha relación o máis directa posible cos usuarios, pero esta comunicación resulta case imprescindible nas obras dunha institución como a Real Academia Galega que pretende ser a guía normativa para o uso correcto da lingua galega.

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)

Calquera usuario pode facer chegar en tempo real a través da aplicación unha proposta de incorporación dunha voz que non figura no DRAG ou dunha acepción que non está recollida nel, informar sobre algún erro detectado, formular algunha dúbida sobre o léxico ou facer calquera tipo de observación que considere pertinente. Estas observacións dos usuarios son sempre respondidas no prazo máis breve posible por parte do Seminario de Lexicografía da RAG.

Este diálogo directo coa sociedade é importante desde o punto de vista da mellora do DRAG, pero éo tamén desde o punto de vista simbólico, e facilitou a implicación directa de moitos colectivos sociais de moi diverso signo: desde entidades como a "Asociación Galega de Síndrome de Down" ou diversos colectivos de gays, lesbianas e transexuais, ata empresas e asociacións de empresarios de diversos sectores. Todos eles participaron e participan activamente no tratamento que recibe no Dicionario o léxico relacionado co seu sector ou ámbito de actuación.

Esta interactuación permítenos tamén transmitir dunha maneira natural a idea de que a lingua galega é a manifestación xenuína da visión propia do mundo que temos os galegos, e de que esta manifestación da nosa visión do mundo é patrimonio de todos, e todos temos unha corresponsabilidade en conservala e modernizala.

9. Unha ferramenta en continua evolución

O DRAG está concibido como unha ferramenta en constante evolución, que mellore cada día para poder responder da maneira máis efectiva posible ás necesidades e aos intereses dos usuarios. Pero as innovacións funcionais necesitan ser testadas durante un tempo para ver se realmente responden ao que se esperaba delas e para detectar posibles fallos. Por iso, a través do Portal das Palabras púxose en marcha o *DicionarioLab*, unha web que ten como finalidade fundamental poñer a proba todas as actualizacións e melloras do Dicionario electrónico antes de incorporalas a este. Se hai unha nova opción de busca ou se se habilitan novas funcións, estas aparecerán en primeiro lugar en *DicionarioLab* para que os usuarios poidan probalas e valorar se funcionan de maneira eficiente. DicionarioLab funciona como un auténtico laboratorio de probas e experimentos, aberto a todas as persoas interesadas que queiran experimentar e opinar sobre as melloras.

A primeira innovación incorporada no DicionarioLab foi a posibilidade da busca nos lemas polos femininos, nas palabras que teñen moción xenérica. Esta nova funcionalidade activouse o 8 de marzo de 2017, facéndoa coincidir co Día da muller traballadora.

A segunda novidade, introducida o 30 de marzo de 2017, é a posibilidade de seleccionar palabras pola súa categoría gramatical. A partir desa data é posible combinar os criterios de busca xa existentes anteriormente cruzados con etiquetas como: substantivo, adxectivos, verbo, adverbio... Ademais, poderase especificar tamén na busca o xénero, o réxime verbal (transitivo, intransitivo, pronominal), e outras variantes categoriais (como o tipo de locución).

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)

10. Conclusión

Cando no 2010 se afrontou a publicación da nova edición do DRAG, pouco despois de acceder Xosé Luís Méndez Ferrín á presidencia da Real Academia Galega, optouse por realizar unha obra moderna no seu procedemento de traballo, no seu contido e no seu soporte. En canto ao procedemento de traballo, iniciouse unha fase de dinamismo nunca antes coñecido dos académicos que integran o Seminario de Lexicografía, cun labor certamente entusiástico e continuado. De maneira progresiva e gradual foise avanzando cada vez máis cara ao traballo a distancia en liña, que permitiu un grande aforro económico e de esforzos.

O auxilio da informática foi fundamental tanto no manexo do corpus para a elaboración e actualización do dicionario, como para a redacción dos artigos lexicográficos, dotándoos dunha sistematicidade e estrutura coherente. A edición dixital supuxo unha mellora transcendental para o usuario, quen pode acceder ao contido da obra dunha maneira doada, flexible (a través de distintas canles: web da RAG, web do Portal das Palabras, aplicacións para móbiles e tabletas...) e eficiente, cunha rica serie de variables de busca, que se poden cruzar entre si para recuperar a información que se pretende.

O DRAG é modélico en canto ao seu mantemento e actualización: o seu módulo de actualización e revisión permite que os académicos poidan realizar unha parte importante do traballo de posta ao día da obra por medios telemáticos, e que os cambios cheguen ao usuario dunha maneira practicamente inmediata.

Pero cando se ideou esta obra pensouse que os usuarios non deben ser meros receptores da información, deben ser tamén parte activa na mellora da obra, tanto proporcionando nova información relacionada co léxico, como corrixindo e precisando a información xa contida. Esta participación dos usuarios estendeuse nos últimos tempos tamén á posibilidade de que propoñan a incorporación de novas funcionalidades para a recuperación da información. Esta colaboración entre a institución e os usuarios móstrase cada vez máis necesaria e eficaz para poder ofrecer unha obra máis próxima aos destinatarios e máis útil para o conxunto da sociedade.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

García, C.; González González, M. (dirs.), 1997, *Dicionario da Real Academia Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia / Ed. Galaxia

González González, M. (dir.), 2012, *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña, Real Academia Galega, Edición en liña: http://academia.gal/dicionario.

González González, M. et al., 2002, *Diccionario de verbos galegos. Laverca*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia

López Martínez, M. (dir.), *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) [1.7]* – Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. <http://corpus.cirp.es/corga> [Consultado: 20-04-2017]

Regueira, X. L., 2010, *Dicionario de pronuncia da lingua galega.* A Coruña: Real Academia Galega

Santamarina, A. (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/> [Consultado: 20-04-2017]

BDD-A26269 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:47 UTC)